Revista nº 22
Xuño 2026



CEE INFANTA ELENA

ÍNDICE

1 ALUMNADO NOVO

2 AULAS

Grupos I, II, III
PFB Restauración
PFB Xardinería

3 ESPECIALIDADES

Inglés
Educación Física
Audición e Linguaxe
Música

4 ORIENTACIÓN

5 EQUIPOS

Dinamización da Lingua Galega
TIC
Biblioteca Escolar
Extraescolares
Benestar e convivencia

6 INNOVACIÓN

Voz Natura
PFPP
- Liñas: SAAC e Aulas Multisensoriales

7 GRADUACIÓNS

8 COMUNIDADE EDUCATIVA

Médica
Fisioterapeuta
Coidadoras e coidadores
Limpadora
Cociña

9 INTERNADO

1

ALUMNADO NOVO













2 AULAS



GRUPO I



GRUPO II



GRUPO III



XARDINERÍA



RESTAURACIÓN

GRUPO 1


ABRAHAM



GAEL


LEO


SALIM


IKER


TRABALLAMOS


MOITO













EXPERIMENTAMOS






DIVERTÍMONOS


MOITO























GRACIAS


POR


ESTE


CURSO

GRUPO II

Neste curso **2025-26** o noso grupo está composto polo seguinte alumnado:














10




Champion
AUTHENTIC




nike
sportswear






1 2 3 4 5 6 7
RAFISMO CREATIVO














GRUPO III













O grupo 3 está formado por Cristina, Luis , Marina ,Iker, Sheila, Irlanda e David.















Observamos, manipulamos experimentamos, aprendemos e desenvolvemos a competencia dixital.











Promovemos a integración grupal a través de itinerarios pola contorna e excursións, participando nas celebracións, para fortalecer as habilidades sociais e fomentar os vínculos emocionais entre iguais.

RESTAURACIÓN



ADRIÁN



ÁLEX





MARLY



LORENA

Este curso o PF de restauración estivo formado por Marly, Álex, Lorena e Adrián.

Na aula traballamos de maneira práctica competencias básicas como a lectoescritura, o cálculo, o uso do reloxo e a xestión do diñeiro, sempre vinculadas a situacións reais do día a día no ámbito da restauración.


Ademais, participamos de forma activa nas distintas actividades do centro, colaborando e aportando o noso gran de area. Como exemplo, o alumnado levou a cabo a actividade do experimento do volcán, que posteriormente foi presentada na biblioteca, favorecendo así a comunicación e a interacción co resto da comunidade educativa.







Tamén introducimos melloras no funcionamento do comedor, apostando por unha comunicación máis accesible. O alumnado descarga pictogramas de ARASAAC e elabora con eles os menús, que despois se colocan nunha tira de pictos situada enriba de cada mesa. Deste xeito, facilitamos a comprensión e fomentamos a autonomía de todo o alumnado.









O alumnado de Restauración neste curso estivo realizando o servizo de café no colexio para o profesorado e todo o persoal do centro.







Ademais disto, tamén estivo a facer varias prácticas nas que elaboraron doces tradicionais, galletas, churros, orellas e rosquillas para acompañar o servizo de café, incluíndo o servizo de chocolate e biscoito para o Día Internacional das Persoas con Discapacidade que se realizou xunto co CEIP A Gándara.










Con estas experiencias, os alumnos aprenderon técnicas básicas de repostería, melloraron a coordinación e a súa motricidade, así mesmo tamén estimularon os sentidos e gañaron confianza na cociña.

Ademais de traballar en equipo, respectaron os tempos de elaboración e valoraron a importancia de conservar as receitas tradicionais, conseguindo un resultado final moi satisfactorio.


Durante este curso, Marly e Alex, do Programa Formativo de Restauración, participaron en dous eventos destacados: o GaliciaSkills 25, celebrado en outubro en Silleda, e o IV Campionato de Baristas, que tivo lugar en abril en Boiro.





GaliciaSkills 2025

É unha competición de formación profesional que reúne alumnado de distintos centros de Galicia para demostrar as súas habilidades en diferentes especialidades técnicas e profesionais.





Alex e Marly acadaron o segundo posto no GaliciaSkills 2025, destacando polo seu esforzo, habilidade e bo traballo en equipo.





O IV Campionato de Baristas de Boiro é un evento no que profesionais e alumnado do sector da hostalaría compiten demostrando as súas habilidades na preparación de dous expresos, dous capuchinos e duas bebidas de especialidade con café.















Alex e Marly acadaron o primeiro posto no IV Campionato de Baristas de Boiro, demostraron un excelente dominio das técnicas de barista, profesionalidade e gran capacidade de traballo en equipo.

XARDINERÍA



Neste curso 2025-26 traballamos de xeito coordinado aula e taller.
O noso grupo está composto por alumnado de 1º curso: **Dayron, Robert** e **Diego**, e de 2º curso: **Dani** e **Adrián**.












XARDINARÍA E
VIVEIRISMO



































3 ESPECIALIDADES











English

ENGLISH LESSONS

INGLÉS

ENGLISH

Do You speak English?



Nas clases de Inglés , aprendemos mediante xogos interactivos coa pizarra dixital .





Tamén utilizamos libros coa metodoloxía Montessori, a través de materiais manipulativos fomentando a curiosidade e a memorización por repetición.









Tamén traballamos as " Holidays " como Christmas, Halloween, St. Patrick,etc.







Facemos xogos e traballos para practicar o vocabulario.

















Cantamos cancións e a nosa favorita é Itsy Bitsy Spider

EF

















EF













AL

A nosa intervención como mestras especialistas en Audición e Linguaxe (AL) está dirixida ao desenvolvemento das capacidades lingüísticas do alumnado, levando a cabo unha actuación preventiva, estimuladora e orientada a dotar aos/ás nenos/as dun sistema de comunicación efectivo, centrándonos en establecer, favorecer, facilitar e fomentar a comunicación, de xeito que o alumnado poida desenvolver unha competencia lingüística que será un dos piares fundamentais para a súa aprendizaxe.

Na aula traballamos a través do xogo diferentes contidos como son os prerrequisitos cognitivos e lingüísticos, a fonética, a fonoloxía, a morfosintaxe, a semántica, a pragmática, a comprensión, a lectoescritura, etc.

APRENDEMOS E PASÁMOLO MOI BEN!







AL













AL













MÚSICA

A área de música do noso centro é un espazo para a expresión, a comunicación e o gozo compartido. A través de cancións, instrumentos e ritmos, desenvolvemos habilidades comunicativas, emocionais e sociais mentres descubrimos novas formas de participar e conectar cos demais. Cada sesión convértese nunha oportunidade para crear, sentir, bailar e celebrar cada logro.












4 ORIENTACIÓN



DESPACHO ORIENTACIÓN

ORIENTACIÓN



Día Internacional contra a Violencia de Xénero









8M Día da Muller









ORIENTACIÓN

Programa Internet Seguro

YOCONECTO.org



5 EQUIPOS



TiC



ACeE



EDLG



Biblioteca


EDLG

Equipos de Dinamización da Lingua Galega











SAMAÍN







ACTIVIDADES TABOLEIRO







VISITA Á RESIDENCIA



NADAL





ENTROIDO







DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO





CORRELINGUA







LETRAS GALEGAS

TIC

No curso 25-26 catro dos mellores docentes da Consellería de Educación foron escollidos para una tarefa que non tiñan pedido. Non tardaron en ~~fuxir~~ formarse na tarefa solicitada. Hoxe, aínda buscados polo equipo directivo, sobreviven coma informáticos de fortuna. Se vostede ten un problema cos equipos do Centro e os encontra, se cadra poda contratalos: **O EQUIPO TIC**.





Como ven sendo habitual, as preocupacións do equipo foron as de manter actualizados e en estado de funcionamento os equipos do cole, cousa cada vez mais complexa pois empezan a estar algo antigos.

Outras das tarefas asignadas son o mantemento da aula virtual do cole e a resolución de incidencias relativas a nosa web.

Para estas tarefas contamos coa inestimable colaboración do noso experto en informática Adrián Casado, circunstancialmente cedido ao grupo de restauración pero moi valioso para o equipo TIC e ao que non pensamos renunciar sen loitar.





Precisamente cómpre recordar que na web do cole podes seguir a actualidade do Infanta e manterte informado. **Visítanos!!**

https://www.edu.xunta.gal/centros/ceeinfantaelena/

ou simplemente escanea este código QR co teu móbil e xa estarás dentro:

*Aproveitade para visitala, pois dentro de pouco a Xunta vai cambiar a versión web e **moitos dos contidos poderían deixar de estar dispoñibles!!!!!**

***Plan dixital.**
Aínda que con menos bombo que en edicións anteriores este ano tamén estivemos ao día co noso plan dixital. Os obxectivos fóronse cumprindo segundo o previsto.

Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O01PD	Impulsar o uso da aula Virtual do Centro entre o profesorado e alumnado como ferramenta de traballo.
O02PD	Consolidar o programa de Polos Creativos nas dinámicas educativas do Centro.
O03PD	Afianzar e/ou fortalecer a comunicación coas familias por ABALAR MÓBIL.
O04PD	Afondar no uso de ferramentas de comunicación tecnolóxica: SAAC.
O05PD	Involucrar na estratexia dixital do Centro ao personal non docente.

Igual que antes podedes consultalo na web de Educalidade en maior profundidade:
https://www.edu.xunta.gal/educalidade/

Polos Creativos.
Durante este curso os Polos Creativos botaron fume, ademais de verdade.
Recibimos novos lotes, que incluían a cortadora láser e a impresora 3D, coa impresora aínda andamos a fedellar pero a cortadora démoslle bastante uso.







Tamén neste curso participamos no proxecto de Polos Inclusivos polo que recibimos, ademais de formación en SAAC, unhas tabletas para usar como comunicador no Centro.





Ao respecto dos Polos recordade que son un proxecto no que está invitada a participar toda a comunidade educativa, polo que se tedes un proxecto compartídeo con nós!









BIBLIOTECA

Este curso 2025-26 a nosa Biblioteca seguiu dentro do **PLAMBE** (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares). As actividades deste curso foron na liña do **FOMENTO DA LECTURA** e mellora das **COMPETENCIAS LECTORAS.** Levamos a cabo contadas tódolos meses e realizamos actividades relacionadas cos temas, plans e proxectos do centro, como o **MES DA CIENCIA EN GALEGO, a SEMANA DA PRENSA, o DÍA DO LIBRO...**

BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

PLAMBE

Como tódolos anos, a Asesoría de Bibliotecas Escolares de Galicia propón cada curso un tema, este curso foi:

"Contra a desinformación: bibliotecas", pretende destacar o papel fundamental que desempeñan todas as tipoloxías de bibliotecas (públicas, escolares, universitarias, especializadas e nacionais/rexionais) na loita contra a desinformación.





Algunhas das actividades realizadas na nosa **BIBLIO** foron as seguintes:



VISITA Á BPM



VOLUNTARIOS DA BIBLIO



MES DA CIENCIA EN GALEGO



NADAL



ENTROIDO







CONTADAS





DÍA DE ROSALÍA

DÍA DA POESÍA



SEMANA DA PRENSA






CONTADA DÍA DA MULLER. LIBRERÍA AGRASAR



“SINFONÍA DE CONTOS”

INMA SOTO E TAMARA SOTO






LETRAS GALEGAS

EXTRAESCOLARES

Salón do Cabalo















EXTRAESCOLARES

Visita á Garda Civil













EXTRAESCOLARES

Museo do ferrocarril









BENESTAR E CONVIVENCIA



BENESTAR E CONVIVENCIA



6 INNOVACIÓN





AULA MULTISENSORIAL







AULA DE POLOS CREATIVOS

Un ano mais participamos no proxecto Voz Natura. Este curso continuamos o proxecto do ano pasado, un banco de sementes asociado a un viveiro de produción de planta autóctona e variedades hortícolas locais. Ademais e coma sempre tratar de concienciar e sensibilizar sobre a importancia de protexer o noso planeta.

Coma todos os anos tratamos ademais de completar os retos mensuais propostos desde a organización.

Neste curso prodúcenos unha especial satisfacción sobre todo dous aspectos que queremos destacar: o uso da planta producida no noso centro nunha repoboación nos montes veciños e a colaboración co colexio da Gándara, traballando todos xunto, grandes e pequenos coas mans na terra



PFPP: SAAC E AULA MULTISENSORIAL









7 GRADUACIÓNS



Adrián



Marly

Parabéns



Dani



Leo


7

COMUNIDADE EDUCATIVA



EDUCADORA





FISIO




COCIÑA



LAVANDERÍA



MÉDICA





COIDADORES

MÉDICA

Dende o servizo médico búscase garantir a atención médica integral tendo en conta os aspectos físicos, mentais, emocionais, sociais e espirituais de cada un do alumnado do centro co fin de facilitar o seu desenvolvemento e aprendizaxe.

Lévanse a cabo tarefas de asistencia sanitaria, promoción da saúde, prevención de enfermidades, coordinación e asesoramento, entre outras.

A labor deste servizo é acompañar a cada neno/a con ciencia, respecto e humanidade, para que alcancen a mellor versión de sí mesmos.















A mellor menciña é o sorriso...

Celebramos o día mundial do lavado de mans, 18 de Outubro, aprendendo a facer un correcto lavado de mans.











Xa todos e todas sabemos cómo temos que lavar as mans!







FISIOTERAPEUTA














FISIOTERAPEUTA







PILATES







FISIOTERAPEUTA











HIXIENE POSTURAL

COIDADORES

A maioría das persoas coñécennos como coidadores, aínda que a nosa denominación profesional é ATE (Auxiliar Técnico Educativo) .

Pois non só desenvolvemos funcións de carácter asistencial como poden ser as relacionadas coa hixene, os cambios posturais, os desprazamentos ou a alimentación ...











Tamén temos un labor educativo moi importante; además de colaborar cos mestres nas distintas actividades, moitas das funcións que desenvolvemos teñen ese compoñente: ensinar a ducharse, a colocar a roupa, a lavar a mans...





Lembrar que polos corredores non podemos correr, nin gritar, que hai que respectar aos compañeiros...

Ensinar a comportarse no comedor, a empregar os cubertos correctamente...



Todos eles son exemplos de funcións educativas,e, que, moitas veces pasan desapercibidas

Aquí vos achegamos unhas imaxes das nosas xornadas cos cativos, aos que non só coidamos e ensinamos, senón tamén, dos que aprendemos cada día.



























LIMPEZA

















COCINA








9

INTERNADO







Neste curso fixemos uso do internado seis persoas









Como cada un nas vosas casas, participamos nas actividades da vida diaria.











Axudamos coas manualidades e tarefas do cole











Pero tamén disfrutamos moito do noso tempo libre

























HELLO
KITTY




E festexamos cada momento con intensidade e alegría

















Desexámosvos un feliz verán !!!



“Queremos agradecer a todos os que fixeron posible esta revista escolar. Grazas ao alumnado, profesorado e persoal non docente polo seu esforzo, apoio e entusiasmo durante todo o curso. Cada páxina reflicte momentos, aprendizaxes e recordos que compartimos xuntos. Esperamos que esta revista lembre todo o vivido e sigamos creando novas experiencias.
Grazas por formar parte desta historia.”

BO VERÁN

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

